

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VIGO
Edificio	Concatedral Basílica de Santa María
Dirección	Praza Igrexa, 10
	42.23931242824675 -8.726097791573762
Protección	Ben: Conxunto Histórico Artístico A Igrexa colexiata de Santa Maria Comunidade Autónoma: C. A. Galicia Provincia: Pontevedra Municipio: Vigo Categoría: Conxunto Histórico Código: (R. I.) - 53 - 0000217 - 00001 Rexisto: (R. I.) REXISTO BIC INMUEBEIS: Código definitivo Data de Declaración: 08-02-1946 Data Boletín Declaración: 14-02-1946
Descricion	Exemplo máis notable da arquitectura neoclásica galega. Orixinariamente había outra igrexa que contaba cun cemiterio, pero debido ao mal estado desta e a que medidas lexislativas recomendaban a construción de cemiterios fose do centro urbano, decídese construír unha nova. Hoxe en día acolle a imaxe do Cristo da Vitoria, de intensa devoción na cidade. A planta é basilical de tres naves. A nave central é máis alta que as laterais, estas últimas máis estreitas e con menos luz. A separación entre as naves faise a través de doce columnas dóricas co seu correspondente entablamiento con triglifos e metopas. A fachada principal ten unha ornamentación sinxela, cunha composición clara e simétrica. O corpo central termina nunha ampla cornixa adornada con mútulas e perfís rectos, coroado o conxunto por un frontón triangular. Os corpos laterais están coroados por dúas torres xemelgas, máis barrocas que o resto da edificación. Cabe destacar o Reloxo de Sol, situado na fachada ao lado dereito, colocado en 1837 obra do escultor Juan Agustín Domínguez. Este non está orientado cara ao sur como é o habitual, o cal fai que sexa singular. Este tipo de reloxos recibe o nome de declinantes. Turismo de Vigo
Campás	Na catedral atópanse ben separados os dous conxuntos tradicionais: na torre sur, do relox, están exclusivamente as dúas campás dos cuartos e das horas. A maior é do XIX mentres que a outra, inaccesible e difícil de documentar, podería ser do século XVII. Na torre norte hai catro campás antigas e grandes na sala baixa e dúas modernas na sala alta. Aparentemente o conxunto orixinal soamente tería as catro campás maiores, unha do XVIII, dous do XIX e outra máis do século XX. Non é improbable que as dúas campás menores do ano 2000, situadas arriba, e de características epigráficas e sonoras ben distintas, fosen un agasallo de CARESA, costume habitual da empresa para asegurar a súa venda. Esta ampliación, que non queda xustificada desde o punto de vista patrimonial, desequilibrou totalmente ambos os conxuntos tradicionais, realizándose agora os cuartos coas dúas pequenas, no canto de utilizar a campá propia, seguramente a máis antiga do conxunto.

Fotos	38
Toques actuais de campás	Os electromazos utilízanse para os toques habituais. Para os toques festivos séguense repicando circularmente as campás, aínda que coa importante limitación dos electromazos colocados no interior que rompen todo o ritmo tradicional.
Conservación, mantemento	As campás conservan os badalos para os repiques circulares, limitados en dous delas pola instalación interior de electromazos que limitan eses toques tradicionais. O cable do pararraios ten numerosos ángulos, que limitan a súa eficacia
Propostas	As campás do reloxo deben tocar mediante o mazo exterior por gravidade, para recuperar a sonoridad orixinal. Debe facerse un acceso á parte alta da torre do reloxo, integrado na torre, pero que permita chegar ata a campá dos cuartos para o seu mantemento e posible utilización. Debe substituírse o electromazo das campás litúrxicas por un mecanismo, de gran velocidade de resposta, que tirase do badalo, mediante cable, e un gancho que puidese quitarse para repicar manualmente de xeito circular. O mecanismo pode ser hidráulico, como os utilizados na Catedral de València. O mecanismo estará utilizado no muro lateral, e tirará dun cable que pase pola polea correspondente. A solución, aparte de ser máis rápida e permitir o toque manual, é moito mais limpa visualmente. Igualmente debe dotarse aos badalos dunha fixación articulada que permita o repique circular sen límites. Os badalos deberán estar protexidos contra a oxidación.
Autors da documentación	VÁZQUEZ ARES, Mateo
Data	31-01-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre norte	Casimiro (1)	CARESA S. L.	2000	48	64
Torre norte	Carme (2)	CARESA S. L.	2000	55	96
Torre norte	Cristo da Vitoria menor (3)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1927	92	451
Torre norte	Ángel (4)	RUCABADO, JOSÉ	1807	95	496
Torre norte	Santa Bárbara (5)	RODRÍGUEZ, JUAN ANTONIO	1782	97	528
Torre norte	Cristo da Vitoria e Santa María (6)	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)	1943	123	1077
Torre sul	Campá dos cuartos (A)	MUNAR I, JUAN DE (MERUELO)	1630ca	70	199

Torre sul	Campá das horas (B)	PALLÉS, YSIDRO	1860	100	579
-----------	---	--------------------------------	------	-----	-----

Información completa: [Concatedral Basílica de Santa María - VIGO \(GALICIA\)](#)

PDF (20-07-2026)